

EN TODO O ÁMBITO DO ESPAZO NATURAL

PROHIBESE:

1. A caza e a pesca.
2. Prender lume.
3. A acampada e o vivaqueo.
4. As verteduras contaminantes ás augas.
5. As verteduras de lixo, entullos e residuos sólidos.
6. O acceso de trail desprovistas de silenciador, quedas e o prendido de radios e aparellos de audición fóra dos lugares habilitados.
7. A destrución e a deterioración de calquera instalación, edificio ou obxecto do Parque Natural.
8. A entrada con cans ou calquera outro animal de compañía.
9. Abandonar as rutas establecidas, nos percorridos a pé.
10. Arrincar ou cortar plantas e capturar ou molestar a calquera especie de fauna.
11. Os residuos, reducidos ao imprescindible, serán retirados por quen os produza.

Parque Natural do Invernadeiro

Rutas de sendeirismo



XUNTA DE GALICIA

Normas de comportamento

O Invernadeiro, declarado Parque Natural polo Decreto 155/97 do Concello de Vilariño de Conso 5 de xuño, está situado no ámbito ambiental, durante todo o ano, actividades de educación ambiental, dirixidas a centros escolares, institutos, universidades ou calquera asociación legalmente constituída.

A mellor forma de acceder ao Parque Natural é a través da autovía A-52 ata Verín, e unha vez máxima de estadía na aula será de, como máximo, catro días sete. Todas as persoas que desexen visitar O Invernadeiro, tanto para visitas dun día como para poder empregar a Aula da Natureza, deberán pedir autorización previa.

Aula da Natureza

Sinais



SENDAS DE PEQUENO PERCORRIDO

Para pedir as solicitudes de autorización debe dirixirse ao enderezo ou teléfonos seguintes:

Servizo de Conservación da Natureza
Rúa Paseo 18, 3º - 32003 - Ourense
Telfs.: 988 38 63 76
988 38 60 29

E-mail: servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.es




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral da
Conservación da Natureza



0.4 0 0.4 0.8 Quilómetros



PLANO XERAL DO ESPAZO PROTEXIDO



RESERVA INTEGRAL

PROTECCIÓN ESPECIAL

USO PÚBLICO RESTRINGIDO

ACCESO AO PARQUE DE CAMBOECERROS

LABORATORIO DAS TROITAS


AULA DA NATUREZA

CASAS DA RIBEIRA PEQUENA

CASETA DO LOMBO DA RIBEIRA PEQUENA

RÍO RIBEIRA GRANDE

RÍO RIBEIRA PEQUENA





Rutas de sendeirismo

- Límite de Protección
- Ruta dos Cercados
- Ruta da Aceveda
- Ruta da Ortiga
- Ruta da Auga
- Ruta das Troitas
- Ruta do Depósito

RUTA DA ORTIGA

Lonxitude: 22 quilómetros.
 Inicio-Fin: Aula da Natureza.
 Duración: 4 horas 30 minutos.
 Dificultade: Alta.





500 0 500 1000 Metros

A ruta ascende pola zona sueste do espazo protexido dende unha cota de 930 metros na Aula da Natureza ata os 1496 metros no alto da Ortiga, situado a 11 quilómetros do inicio, dende onde poderemos contemplar unha espectacular paisaxe do Parque Natural. O retorno faise pola devosa limitrofe do espazo, onde é posible atopar exemplares e sinais de diferentes especies de fauna, como corzo e cervo. Tras un forte descenso, unha pista chaira nos leva ata a pista inicial e ata a Aula da Natureza de novo.

RUTA DA AUGA

Lonxitude: 4 quilómetros.
 Inicio-Fin: Aula da Natureza.
 Duración: 2 horas aproximadamente.
 Dificultade: Baixa.



0 0,5 Quilómetros


Ruta da Auga
 Limite de protección

Ten o seu inicio na Aula da Natureza, onde colleteremos a pista que nos leva ata o encoro; na encrucillada de camiños onde comeza o ascenso ao Pico da Ortiga tomamos o desvío á dereita sempre bordeando o cercado dos gamos (Dama dama), onde temos a posibilidade de observar exemplares dos mesmos. A uns 1500 metros dende o inicio da ruta collemos unha senda á dereita que, entre uces e piñeiros, lévanos ata o borde do río Ribeira Grande,

lugar que nos dá a posibilidade de continuar o paseo contemplando as augas cristalinas encadadas entre maravillosos exemplares de cerquiños, bidueiros e acivos entre outras especies; chegando ata a ponte principal que cruza o río, lugar onde colleteremos á dereita para despois dun breve ascenso, retornar ata a aula, fin e inicio da ruta.

RUTA DOS CERCADOS

Lonxitude: 3 quilómetros aprox.
 Inicio-Fin: Casas da Ribeira Pequena.
 Duración: 2 horas.
 Dificultade: Media-Alta.



0,1 0 0,1 Quilómetros


Ruta dos Cercados
 Limite de protección
 Ríos

Parte a ruta da zona coñecida como Ribeira Pequena, a uns 200 metros atopamos a estación meteorolóxica do espazo protexido, onde podemos visualizar os diferentes instrumentos que a compoñen; pasados uns 100 metros entramos en contacto co cercado dos cervos e corzos e, camiñando 500 metros máis chegamos ao punto inicial de observación do cercado. Dende este observatorio continuamos o ascenso ata a cota máis alta da ruta 1221 metros lugar onde se divisa unha boa panorámica de toda a Ribeira Pequena.

Collendo un senda á esquerda a poucas metros chegamos ao miradoriro das cabras ibéricas, onde ademais do capturadeiro e comedeiros de dito peche, pódense contemplar individuos da especie *Capra pyrenaica victoriae*. O regreso realízase pola mesma senda completando unha distancia total final de 3200 metros.

RUTA DA ACEVEDA

Lonxitude: 8 quilómetros.
 Inicio-Fin: Casas da Ribeira Pequena.
 Duración: 3 horas 30 minutos.
 Dificultade: Media.





0 0,9 Quilómetros

Ruta da Aceveda
 Limite de protección

O comezo da ruta é nas casas da Ribeira Pequena como no caso da ruta dos Cercados, ascendendo entre piñeiros e cunha boa vista do val do río Ribeira Pequena ata chegar ao lugar coñecido como Caseta do Birlauto, percorrendo as partes altas da serra coñecida como Fial das Corzas, onde despois de atravesar varias corgas que desembocan no río principal collemos unha senda á altura da Cabeza do Fuso que, entre un piñeiral, nos leva ata unha plantación de acivos xusto ao lado do actual viveiro do Parque Natural. Fin da ruta.

RUTA DAS TROITAS

Lonxitude: 3,5 quilómetros.
 Inicio-Fin: Aula da Natureza.
 Duración: 2 horas.
 Dificultade: Baixa.



0 0,3 Quilómetros



█ Ruta das Troitas
█ Limite de protección

O percorrido iníciase na Aula da Natureza, tomando a pista que comunica ámbalas dúas ribeiras, a uns 100 metros atopamos unha encrucillada de camiños, a ruta continúa pola pista superior, a 2 quilómetros da aula atópase o Centro Ictioxénico (laboratorio das troitas) onde poderemos observar a infraestrutura necesaria de captura de troitas para realizar un desove manual das mesmas co fin de obter un maior número de alevíns.

A volta cara á aula realízase pola marxe dereita do río Ribeira Grande, debemos ter en conta que hai que cruzar dous regatos nos que non hai ponte, polo que non se recomenda realizar a volta por este camiño en días de chuvia ou cando os devanditos regatos se atopan moi crecidos.

RUTA DO DEPÓSITO

Lonxitude: 2 quilómetros.
 Inicio-Fin: Aula da Natureza.
 Duración: 1 hora 30 minutos aprox.
 Dificultade: Media.



0 0,3 Quilómetros

█ Ruta do Depósito
█ Ríos

O percorrido iníciase por unha pista ascendente, na parte posterior da aula. Pouco despois atopámonos unha zona chaira onde se sitúa a Central Solar Fotovoltaica. A ruta continúa ascendendo ata chegar ao depósito de auga de subministro das instalacións educativas. Continuamos o camiño por unha senda de lousas que nos

leva ata a toma de auga na Carga de Ortiga, fin do percorrido. Neste último tramo pódese observar a vexetación autóctona do Invernadeiro, así como atopar indicios da presenza de fauna. Retórnase pola mesma senda.

RELACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS REPRESENTATIVAS NO PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO

Símbolos

- Inicio da ruta
- Dirección interpretada
- Fonte
- Miradoiro
- Alto
- Información
- Punto de interese
- Área recreativa



- Cerquiño *Quercus pyrenaica*
- Carballo *Quercus robur*
- Bidueiro *Betula celtiberica*
- Ameneiro *Alnus glutinosa*
- Acivro *Ilex aquifolium*
- Capudre *Sorbus aucuparia*
- Pradairo *Acer pseudoplatanus*
- Piñeiro *Pinus sylvestris*
- Abeleira *Corylus avellana*
- Uz *Erica spp.*
- Carqueixa *Pterospartum tridentatum*
- Arandeira *Vaccinium myrtillus*

RELACIÓN DE ESPECIES ANIMAIS REPRESENTATIVAS DO PARQUE NATURAL DO INVERNADEIRO

- | | | | |
|--|--|--|---|
| | Corzo
<i>Capreolus capreolus</i> | | Teixugo
<i>Meles meles</i> |
| | Cervo
<i>Cervus elaphus</i> | | Algaria
<i>Genetta genetta</i> |
| | Cabra montés
<i>Capra pyrenaica</i> | | Lebre
<i>Lepus granatensis</i> |
| | Rebeco
<i>Rupicapra rupicapra</i> | | Gato montés
<i>Felis silvestris</i> |
| | Raposo
<i>Vulpes vulpes</i> | | Víbora fuciñuda
<i>Vipera latastei</i> |
| | Lobo
<i>Canis lupus</i> | | Lagarto ocelado
<i>Lacerta lepida</i> |
| | Xabarán
<i>Sus scrofa</i> | | Sapo común
<i>Bufo bufo</i> |
| | Marta
<i>Martes martes</i> | | Leirón gris
<i>Glis glis</i> |
| | Lontra
<i>Lutra lutra</i> | | Aguaia real
<i>Aquila chrysaetos</i> |
| | | | Troita
<i>Salmo trutta fario</i> |